



CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL


O Rosal, dez de abril de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, don JESÚS MARÍA FERNÁNDEZ PORTELA, Alcalde Presidente do Concello do Rosal, actuando en nome e representación do Concello, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do acordado polo Pleno deste.

Doutra, don IVÁN DIEGO MARTÍNEZ con NIF 35.573.130-L en calidade de Presidente da AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL, co CIF nº G-36.027.928 e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades do Concello do Rosal.

Tódalas partes recoñécense mutuamente con capacidade legal para obrigarse e outorgar o presente convenio de colaboración e a tal efecto,



MANIFESTAN

Primeiro. Que de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar todos aqueles servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, ostentando en todo caso competencias en materia de Cultura, Deportes, Servizos Comunitarios e Sociais, etc., de acordo coa definición concreta que a tal efecto efectúe a lexislación sectorial reguladora dos diferentes campos da actividade pública.

Segundo. Que á satisfacción dos intereses xerais nos campos que anteriormente se sinalaron, contribúe dunha maneira fundamental a iniciativa privada, en particular, a de aquelas entidades particulares con actividades que sexan de utilidade e/ou interese público ou social, e veñan a complementar os servizos prestados por esta Administración.

Terceiro. Que dentro das formas da actividade das Administracións Públicas, a de fomento das actividades dos cidadáns que son de interese público e/ou social e complementarias dos servizos municipais, é de fundamental importancia, xa que en lugar de substituír á acción libre destes, coaduxa a que




o citado campo da actividade permaneza no sector privado, coa axuda e colaboración da Administración na consecución, de acordo coa filosofía orientadora do noso sistema constitucional.

Cuarto. Que nos orzamentos do Concello para o exercicio 2017, figura contemplado nominativamente a AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL, cunha cantidade de axuda de 22.000,00 € polo que de conformidade co preceptuado na Lei Xeral de Subvencións, 38/2003, artigo 22.2.a, a referida subvención debe ser instrumentada a través do oportuno documento de convenio.

Quinto. Que a AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL realiza actividades culturais e de fomento da cultura no Concello do Rosal, a través de concertos, festivais de música, audicións, etc, durante practicamente todos os meses do ano.

Por estas razóns, co fin de conseguir os obxectivos descritos, ambas partes, o amparo do disposto pola lexislación vixente, concertan este convenio de acordo coas seguintes.



CLÁUSULAS

Primeiro. Obxecto e beneficiario

O presente Convenio ten por obxecto regular o réxime de obrigas derivadas da participación municipal na financiación do proxecto promovido pola devandita agrupación, que ten un custo total de 116.026,46 €.

O importe total das subvencións percibidas non poderá superar o 100 por 100 do custo da actividade.

A subvención concedida é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos que para a mesma finalidade poidan conceder outras entidades públicas ou privadas.

A AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL deberá comunicar ao Concello tan pronto como teña coñecemento, e en todo caso no momento de xustificación de subvención a concesión doutras axudas.

Segundo. Crédito orzamentario e contía da subvención




Como colaboración na realización, coas citadas actividades, o Concello do Rosal comprométese, en virtude do presente convenio, a participar na súa financiación cunha subvención de 22.000,00 €.

Esta subvención se financiará con cargo á aplicación presupostaria 33400 48 do orzamento do Concello do Rosal para o ano 2017.

Terceiro. Obrigas do beneficiario

O beneficiario da subvención, pola súa parte, obrígase:

- 
- 1.- A destina-la subvención municipal á finalidade pactada.
 - 2.- A xustificar ante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións para ser beneficiario da subvención, así como a realización da actividade que determina a concesión da mesma.
 - 3.- A someterse as actividades de comprobación a efectuar polo Concello aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - 4.- A acreditar ante o Concello a realización do gasto para o cal se concede a subvención.
 - 5.- A comunicar ao Concello a obtención de axudas, para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións e Entidades Públicas ou Privadas, nacionais ou internacionais.
Esta información deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación de aplicación dada aos fondos percibidos.
 - 6.- A facer constar expresamente, e de forma visible, en calquera dos medios que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan co financiamento do Concello do Rosal.
 - 7.- A acreditar atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias con Estado, Xunta e Concello do Rosal, así como coa Seguridade Social mediante a presentación ante o Concello da correspondente certificación administrativa positiva emitida polo órgano competente.
 - 8.- A aportar declaración do representante da AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL na que se sinale non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
 - 9.- A conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por un prazo mínimo de 4 anos dende a recepción dos mesmos.

Cuarto. Responsabilidades por incumprimento



O incumprimento das obrigas sinaladas no presente convenio, así como a ocultación ou falsidade nos datos e requisitos esixidos nas mesmas, dará lugar ao reintegro ao Concello das cantidades que procedan, incluídos os intereses de demora correspondentes dende o momento da recepción do importe da subvención.

Atendendo a gravidade e transcendencia do incumprimento, o mesmo poderá levar aparellado, ademais do anterior, a imposición de sancións por infraccións administrativas contempladas na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto. Prazos e forma de pago


O beneficiario percibirá o importe da subvención concedida unha vez realizada a actividade subvencionada e xustificada documentalmente ante o Concello.

En concreto, a forma de pago realizarase:

- 
- 1.- Nos primeiros cinco días do mes de abril, e previo acompañamento das facturas ou documentos a que se fai referencia no apartado seguinte, correspondentes ós gastos de funcionamento subvencionados dos meses de xaneiro, febreiro e marzo, así como memoria das actividades realizadas no citado período, aboarase a cantidade de 5.500,00 euros. As facturas correspondentes ó citado período deberán presentar no seu conxunto un importe mínimo de 5.500,00 euros.
 - 2.- Nos primeiros cinco días do mes de xullo, e previo acompañamento das facturas ou documentos a que se fai referencia no apartado seguinte, correspondentes ós gastos de funcionamento subvencionados dos meses de abril, maio e xuño, así como memoria das actividades realizadas no citado período, aboarase a cantidade de 5.500,00 euros. As facturas correspondentes ó citado período deberán presentar no seu conxunto un importe mínimo de 5.500,00 euros.
 - 3.- Nos primeiros cinco días do mes de outubro, e previo acompañamento das facturas ou documentos a que se fai referencia no apartado seguinte, correspondentes ós gastos de funcionamento subvencionados dos meses de xullo, agosto e setembro, así como memoria das actividades realizadas no citado período, aboarase a cantidade de 5.500,00 euros. As facturas correspondentes ó citado período deberán presentar no seu conxunto un importe mínimo de 5.500,00 euros.

- 
- 4.- Nos primeiros cinco días do mes de decembro, e previo acompañamento das facturas ou documentos a que se fai referencia no apartado seguinte, correspondentes ós gastos de funcionamento subvencionados dos meses de outubro, novembro e decembro así como memoria das actividades realizadas no citado período, aboarase a cantidade de 5.500,00 euros. As facturas correspondentes ó citado período deberán presentar no seu conxunto un importe mínimo de 5.500,00 euros.

Para poder percibir o importe obxecto do presente Convenio a AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL deberá aportar a seguinte documentación:

- 
- 1.- Fotocopia compulsada do CIF, que deberá aportala coa xustificación do primeiro trimestre.
- 2.- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas tributarias co Concello, Xunta e Estado, así como coa Seguridade Social. Deberá aportalo coa xustificación do primeiro trimestre debendo renovalo cando caduque o mesmo.
- 3.- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, Deberá aportalo coa xustificación de cada un dos trimestres.
- 4.- Orixinais e fotocopias das facturas, recibos, nóminas, tributos e cotas á Seguridade Social e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa correspondentes á subvención concedida. Os citados documentos marcaranse cunha estampilla na que se indique que os mesmos foron presentados para a xustificación da subvención concedida polo Concello do Rosal por importe de 22.000,00 euros, e serán devoltos ao beneficiario. Deberán aportarse en cada un dos trimestres e polo importe correspondente aos mesmos. Así mesmo acompañarase xustificante de terse realizado o pago dos mesmos.
- 5.- Memoria das actividades deportivas efectivamente realizadas pola mesma en cada un dos trimestres.
- 6.- Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas a AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL. Esta declaración deberá acompañarse coa xustificación de cada un dos trimestres.

Ademais antes do 5 de decembro de 2017 deberá aportar:

- memoria final detallada das actividades realizadas no exercicio 2017.
- certificado acreditativo do cumprimento da finalidade obxecto da subvención.

- 
- certificado acreditativo da totalidade das subvencións ou axudas concedidas á AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL no exercicio 2017.
 - memoria económica que inclúa resume detallado do 100% dos ingresos e gastos efectuados na realización das actividades.

Sexto. Vixencia

O presente convenio estará vixente ata o 31 de decembro do 2017.

Sétimo. Devolución de cantidades percibidas en concepto de subvención

- 
- 1.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas, incluídos os intereses de demora dende a recepción do importe da subvención, nos seguintes casos:
 - a) Incumprimento da obriga de xustificación ou que dita xustificación sexa incorrecta ou insuficiente.
 - b) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida
 - c) Si o importe da subvención concedida en concorrencia con subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas, ou de outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superase o custo da actividade a desenrolar pola beneficiaria, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade desenrolada.
 - d) Así mesmo, deberán de devolverse as cantidades percibidas e non invertidas na finalidade para a que foi concedida a subvención, así como as cantidades non xustificadas.
 - 2.- As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de Dereito público, sendo de aplicación para a súa cobranza o disposto no artigo 10 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 17 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral presupostaria.

Oitavo. Interpretación e xurisdición

Todas as cuestións que poidan xurdir na orde á interpretación e execución do presente convenio, considerando a súa natureza xurídico-administrativa, serán sometidas á orden xurisdiccional contenciosa-administrativa.


Noveno. Lexislación Aplicable.

En todo o non previsto neste Convenio, estarase ó disposto na Lei Xeral de Subvencións, 38/2003 de 17 de novembro, no seu regulamento aprobado por Real decreto 887/2006 e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste, e como proba de conformidade, ámbalas partes firman o presente documento por exemplar duplicado e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento. Dou fe.

O Alcalde,

D. Jesús María Fernández Portela



O Presidente de AGRUPACIÓN MUSICAL DE O ROSAL,

D. Iván Diego Martínez



O secretario,

Carlos Piñeiro Sarmiento

